

ORDENANZA FISCAL Nº 29 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON QUIOSCOS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais de terreos de uso público local por ocupación con quioscos, a que se refire o artigo 20. 3 m) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible desta taxa a realización de ocupacións de terreos de uso público local con quioscos ou outras pequenas construcións removibles de características análogas.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a cuxo favor se outorguen as autorizacións administrativas, ou quen realice os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.
Se o aproveitamento se realizase sen obter a licenza, considerarase que ten a condición de suxeito pasivo o titular da empresa que explote a instalación á que estea afecta a instalación en terreo público.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base para a determinación do importe da taxa o tempo de duración do aproveitamento e os metros cadrados de terreos de uso público que son obxecto da ocupación.

ARTIGO 6. TARIFAS.

Esixíranse as seguintes:

	EUROS
1 Instalacións fixas:	
1.1 Quioscos e construcións análogas; por m ² ou fracción de superficie ocupada, ao ano	168,64
1.2 Quioscos cuxos titulares acrediten unha minusvalía do 33% e postos de venda da O.N.C.E., por m ² ou fracción de superficie ocupada, ao ano	75,21
2 Cando os aproveitamentos non se realicen en rúas de 1ª categoría fiscal, a cantidade resultante da aplicación das tarifas anteriores multiplicarase por un coeficiente para os efectos de determinar o importe que hai que pagar:	
Categoría rúa	Coeficiente
Segunda	0,9

Terceira	0,8
Cuarta	0,7
Quinta	0,6
Sexta	0,5

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

1. A taxa correspondente ao primeiro período impositivo xerarase na súa totalidade no momento de solicitarse a licenza ou de iniciarse o aproveitamento, cando non se obtivese a correspondente licenza. As cotas periódicas posteriores xeraranse o primeiro día de cada exercicio natural.
2. As cotas sinaladas nas tarifas non serán reducibles.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. No momento de presentar a solicitude para a obtención da autorización precisa para realizar os aproveitamentos descritos nesta ordenanza, deberá ingresarse o depósito previo do importe da taxa, sen cuxo requisito non se dará tramite á petición. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante.
2. A resolución que conceda a licenza aprobará simultaneamente unha liquidación provisional e ordenará as devolucións ou a execución das liquidacións complementarias que procedan. En caso de non concederse a licenza, devolverase o depósito constituído.
3. As cotas periódicas posteriores esixiranse por anos enteiros conforme ao establecido no artigo anterior, aínda que se pagarán fraccionadas por trimestres.
Anualmente formarase unha matrícula conforme ao establecido na Ordenanza xeral de xestión. A devandita matrícula anual estará dividida en catro trimestres e o exemplar correspondente ao primeiro trimestre será aprobado por resolución da Xunta de Goberno Local e será exposto ao público e notificado mediante edictos. Se durante o exercicio se producisen modificacións que afectasen ao importe que hai que pagar en trimestres sucesivos e non fosen consecuencia de alteracións instadas polo propio obrigado ao pago, seranlle notificadas. Noutro caso, a matrícula do primeiro trimestre servirá como notificación de todas as cotas dos sucesivos períodos trimestrais que teñan a mesma contía. Para estes efectos, os obrigados ao pago quedarán requiridos para o pago das cotas trimestrais a partir do primeiro día do segundo mes de cada trimestre natural. O prazo de cobranza será dun mes contado a partir da publicación do correspondente edicto.
Entenderase que a persoa que obtén a concesión dun quiosco está notificada da súa inclusión na matrícula para o cobro do canon mensual.
4. As licenzas deberán solicitarse da Xunta de Goberno Local por medio dunha instancia por triplicado xunto cos documentos necesarios para a súa tramitación. Instruído o expediente, ditarase a resolución que se lles notificará ao interesado e aos servizos municipais encargados da súa execución.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 28 de decembro de 2023, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2024 e aplicarase mentres non se acorde a súa modificación ou derogación